

COMISIÓN PERMANENTE

Sesión do 22 de marzo de 2011

No Decanato da Facultade de Historia de Ourense reúnen os membros da Comisión Permanente, o martes, día 22 de marzo de 2011, ás 11 horas, en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte:

Orde do día:

1. **Convalidación de créditos de Libre Elección.**
2. **Proposta de recoñecemento de materias correspondentes aos Ciclos Superiores da Formación Profesional para o Título de Grao**

Excusa a súa asistencia o Prf. Jesús de Juana (coincidencia con clases)

1. **Convalidación de créditos de Libre Elección.**

Foi recoñecido 1 Crédito de Libre Elección para os alumnos da Licenciatura de Historia e Grao en Xeografía e Historia que se matriculen e asistan con regularidade ás *VIII Xornadas Sociedade e Dereito sobre "Historia e memoria do réxime de Franco"*, que se celebrarán no salón de graos da Facultade de Dereito de Ourense os próximos días 4, 6, 8, 11, 13, 14 e 15 de abril de 2011.

2. **Proposta de recoñecemento de materias correspondentes aos Ciclos Superiores da Formación Profesional para o Título de Grao**

Acordouse convalidar os Ciclos formativos de grao superior na Formación Profesional que de seguido se relacionan, por **6 créditos de Prácticas Externas e 24 créditos de Materias Optativas**, a elixir polo alumno, no Grao en Xeografía e Historia:

CS. Xestión e organización de empresas agropecuarias

CS. Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos

CS. Deseño e produción editorial

CS. Produción en industrias de artes gráficas

CS. Realización de audiovisuais e espectáculos

CS. Produción de audiovisuais, radio e espectáculos

CS.Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas

CS. Axencias de viaxes

CS. Información e comercialización turísticas

CS. Animación turística

CS. Documentación sanitaria

CS. Animación sociocultural

A decana informa:

- Do posicionamento e pronunciamento, por asentemento de todos os membros do Consello de Campus celebrado o día 21 de marzo presente, en contra da transformación dos actuais estudos do Centro Superior de Hostalaría en titulacións afíns da Universidade de Santiago, como Títulos de Turismo (Cociña e Grao en Turismo e Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras).

- Da proposta de nomes para os Pabellóns 1 e 2 como Emilia Pardo Bazán ou Clara Campoamor.

- Da colocación da impresora da Aula de Informática no Pabellón 2 unha vez sexa reempresada por unha nova, para a súa utilización como fotocopiadora.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e de todo doi fe como Secretaria.

A DECANA

M^a Milagros Cavada Nieto

A SECRETARIA

Yolanda Barriocanal López

ASISTENCIAS	AUSENCIAS XUSTIFICADAS
BARRIOCANAL LÓPEZ, Yolanda	JUANA LÓPEZ, Jesús de
CAVADA NIETO, Milagros	AUSENCIAS SEN XUSTIFICAR
DURANY CASTRILLO, Mercedes	DOMINGUEZ PEREIRA, M ^a Dolores
UÑA ALVAREZ, Elena de	PRADA RODRIGUEZ, Julio
RODICIO PEREIRA, Laura	